

SAN MARTIÑO 2017 OURENSE


XLI EDICIÓN CARREIRA PEDESTRE POPULAR

19 DE NOVIEMBRE

WWW.DEPORTESOURENSE.COM

INSCRIPCIÓN **5€** do 7 de outubro ao 8 de novembro **7€**

6ª FEIRA DO CORREDOR + ENTREGA PREMIOS CORRENDO POR OURENSE
SAZÓN 19 / 2020



XLI CARREIRA PEDESTRE POPULAR SAN MARTIÑO 2017

<https://championchipnorte.com/evento/detalle/id/1306/xli-carreira-pedestre-popular-san-martino-2017>

[SUPERLIGA CCNORTE-MYLAPS 2017](#)[CHALLENGE 10K GALICIA CCNORTE-MYLAPS 2017](#)

| | Salida | Desde | Hasta | Precio |
|---|--------|------------|------------|--------|
| .CARREIRA ABSOLUTA (NADOS/AS NO 2000 E ANOS ANT.) 10.000 m HOMOLOGADOS | 11:00 | 06/10/2017 | 31/10/2017 | 5,00€ |
| CARREIRA ESCOLAR (NADOS/AS ENTRE OS ANOS 2008 E 2001) 4.700 m | 12:30 | 01/11/2017 | 12/11/2017 | 7,00€ |
| CARREIRA DE CATIVOS (NADOS/AS NOS ANOS 2009 E POST.) 1.400 m | 13:15 | 06/10/2017 | 31/10/2017 | 0,00€ |
| | | 01/11/2017 | 12/11/2017 | 0,00€ |

INSCRIPCION.

ADULTOS

- O prazo de inscrición é desde o 6 de outubro ata o 12 de novembro. Baixo ningún criterio se inscribirá a ningún corredor/a fóra deste prazo. As inscricións realizaranse a través da páxina web [www.deportesourense.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.
- O prazo de inscrición para optar á recollida anticipada de dorsal, chip e camiseta é ata o **4 de novembro de 2017**.

A cuota de inscrición será de **5€ desde 6 outubro ao 31 de outubro** e de **7€ desde o 1 ao 12 de novembro**.

MENORES

- A inscrición será **gratuita** e farase preferentemente a través dos **colexios en** [www.deportesourense.com]. De xeito individual, os corredores tamén se inscribirán na mesma páxina.
- O prazo de inscrición para colexios é desde o 6 de outubro ata o 4 de novembro de 2017 e de xeito individual poderanse inscribir ata o 12 de novembro de 2017.

CANCELACIONES

- **Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.**

RECOLLIDA DE CHIPS.

- A recollida de chips (agás os que teñen chip en propiedade), dorsais e camisetas é o venres día 17 de novembro de 16:30h a 20h e o sábado día 18 de novembro de 10:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas no Recinto Ferial de Expourense, onde se celebra Sportur (Salón do Deporte e Turismo Activo).
- Se a inscrición se realiza como grupo, a recollida de chips, dorsais e camisetas será do mesmo xeito, nunca de maneira individual.
- A recollida anticipada de chips (para os inscritos ata o 4 de novembro de 2017) será os días 16, 17 e 18 de novembro de 2017 nos puntos acordados.

PREMIOS ECONÓMICOS

Clasificación “absoluta”

- 1º posto: trofeo e 1.000 €
- 2º posto: trofeo e 700 €
- 3º posto: trofeo e 500 €
- 4º posto: 300 €
- 5º posto: 200 €

Clasificación “locais”

- 1º posto: trofeo e 200 €
- 2º posto: trofeo e 150 €
- 3º posto: trofeo e 100 €

Premios especiais:

- 500€ polo récord da proba, tanto na categoría masculina como feminina (Homes: 28'49" ano 2010, Mulleres: 32'45" ano 2010).

Premio especial Caixabank: 300€ polo primeiro posto ao cruzar o control do 5km, tanto na categoría masculina como feminina. É imprescindible rematar a carreira e clasificarse para optar a este premio

ENTREGA DE TROFEOS

A entrega de trofeos terá lugar ás 13 horas na Cancha Central do Pavillón dos Remedios e a entrega dos premios económicos nas oficinas do mesmo lugar, previa xustificación dos datos aportados na inscrición, presentando a documentación acreditativa que proceda (DNI, pasaporte, certificado de empadramento... etc). É de obrigado cumprimento a asistencia á Cerimonia de Premiacións para percibir os trofeos e os premios económicos.

GARDARROUPA.

- A Organización disporá dun servizo de gardarroupa pero non se responsabiliza dos efectos depositados no interior das bolsas.

PERCORRIDOS:

CARREIRA ABSOLUTA (NADOS/AS NO 2000 E ANOS ANT.)

- Salida prevista: 19 nov. 2017 a las 11:00
- Distancia: 10000 m

CARREIRA ESCOLAR (NADOS/AS ENTRE OS ANOS 2008 E 2001)

- Salida prevista: 19 nov. 2017 a las 12:30
- Distancia: 4700 m

CARREIRA DE CATIVOS (NADOS/AS NOS ANOS 2009 E POST.)

- Salida prevista: 19 nov. 2017 a las 13:15
- Distancia: 1400 m

SAN MARTIÑO 2017

19 DE NOVEMBRO · XLI EDICIÓN

SAÍDA » PONTE DE MILENIO

Absoluta 11h00 · 10 km* (Reservada para nados desde o ano 2000 e anteriores)

Escolar 12h30 · 4,7 km (Reservada para nados desde o ano 2001 e 2008)

Cativos 13h15 · 1,4 km (Reservada para nados no ano 2009 e posteriores)

META » PAVILLÓN DOS REMEDIOS

* Homologada pola FGA

INSCRICIÓN

5€

prazo de inscrición para a recollida anticipada de chips
Do 6 ao 31
de outubro

7€

Do 1 ao 12
de novembro

ENTREGA DE TROFEOS

Domingo, 19 novembro

Entorno Pavillón dos Remedios

13h00 🏆

WWW.DEPORTESOURENSE.COM



ORGANIZAN



PATROCINADOR PRINCIPAL



PATROCINAN



COLABORAN

6ª FEIRA DO CORREDOR



VENRES 17 / SÁBADO 18 / DOMINGO 19



ENTREGA PREMIOS
VII CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES
CORRENDO X 2017
OURENSE

SÁBADO 18 | 19H00



ESPECÍFICO PARA ESCOLAR E CATIVOS

Inscrición gratuita.

Colexios

Do 6 de outubro ao
4 de novembro [na web](http://na.web).

Individual

Do 6 de outubro ata
o 12 de novembro [na web](http://na.web).

RECOLLIDA DE CHIPS E DORSAIS

- * **Venres día 17 de novembro** de 16h30 a 20h00 e o **sábado día 18 de novembro** de 10h30 a 14h00/16:30 a 20h00 en Expourense, onde se celebra Sportur (Salón do Deporte e Turismo Activo).

RECOLLIDA ANTICIPADA DE CHIPS

Para os inscritos ata o 4 de novembro, será os días **16, 17 e 18 de novembro** nos puntos acordados.



SAN MARTIÑO 2017 OURENSE

XLI EDICIÓN CARREIRA PEDESTRE POPULAR

INFORMACIÓN A TER EN CONTA

ABSOLUTA

- » Os corredores que non o leven chip e dorsal ben colocados non entrarán nas clasificacións.
- » A organización disporá dun servizo de gardarroupa, previa solicitude, pero non se responsabiliza dos efectos depositados no interior das bolsas.
- » Só poderán permanecer no percorrido os vehículos de axuda que a Organización estime oportuno, prohibíndose explicitamente o uso de bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares para evitar accidentes.
- » Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal no peito ou manipulalo, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

ESCOLAR

- » Os adultos non poderán participar nin acompañar aos participantes na saída nin na meta, non poderán acceder ás zonas de avituallamento nin entrarán na clasificación.

CATIVOS

- » Poden ir acompañados dun adulto responsable que a ningún efecto se considerará participante.

PARA MÁIS INFORMACIÓN E CONSULTAS

» CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES

Pavillón dos Remedios · R/ Pardo de Cela, 2 · 32003 Ourense
Tel. 988 370 539 · info@deportesourense.com

www.deportesourense.com

ABSOLUTA

CATEGORÍAS

Júnior/Sub'20: 1999 e 2000

Promesa/Sub'23: 1996, 1997, 1998

Sénior: 1995 ata veteranos

Veteranos/as:

A: 35 anos | B: 40 anos

C: 45 anos | D: 50 anos

E: 55 anos | F: 60 anos

G: 65 anos e posteriores

PREMIOS

1º

trofeo +
1.000 €

2º

trofeo +
700 €

3º

trofeo +
500 €

4º

300 €

5º

200 €



Os participantes disporán de parking gratuito no



CAIXÓNS DE SAÍDA

Segundo o teu dorsal, colócate no teu caixón de saída



caixón negro

Marca inferior a 35 minutos (homes) e 40 minutos (mulleres) na SM2016



caixón vermello

Entre 35 e 40 min. (homes) e entre 40 e 45 min. (mulleres) na SM2016



caixón amarelo

Entre 40 e 48 min. (homes) e 45 e 55 min. (mulleres) na SM2016



caixón verde

Popular

Premio Locais*

1º

trofeo +
200 €

2º

trofeo +
150 €

3º

trofeo + 100 €

*Para optar ao premio Locais, o atleta será nado ou empadroado no Concello de Ourense.

PERCORRIDOS SAN MARTIÑO



500 € Premio especial Récord San Martiño

32'45" (f) 28'49" (m)

300 € Premio especial Primeiro posto ao cruzar o km.5

Os premios non son acumulables agás os premios especiais.

É imprescindible rematar a carreira e clasificarse para optar a este premio.

ESCOLAR

CLASIFICACIÓN

Individual Trofeo aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto masculina como feminina.

Por colexios

120 € en material deportivo para todos os colexios con 25 deportistas clasificados

* Os cativos puntuarán nesta clasificación se a inscrición é tramitada a través do colexio.

CATEGORÍAS

Alevín: Nados en 2007 e 2008 · **Infantil/Sub'14:** Nados en 2005 e 2006
Cadete/Sub'16: Nados en 2003 e 2004 · **Xuvenil/Sub'18:** Nados en 2001 e 2002


6 primeiros colexios { Infantil-Primaria Secundaria-Bacharelato



en material deportivo

PERCORRIDOS SAN MARTIÑO

*Para optar ao premio **Locais**, o atleta será nado ou empadronado no Concello de Ourense.



Camisetas para todos/as
os participantes que cruzen a liña de meta da escola existentes.



REGULAMENTOS CARREIRA SAN MARTIÑO

A XLI Carreira Pedestre Popular do San Martiño, organizada polo Concello Municipal de Deportes de Ourense, celebrarase o domingo día 19 de novembro de 2017.

REGULAMENTO XERAL DA CARREIRA ABSOLUTA - 10KM

1. Esta carreira pedestre está incluída no calendario oficial de probas en ruta da Federación Galega de Atletismo e está reservada para todas as persoas nadas no ano 2000 e anteriores.

2. O **prazo de inscrición** é desde o 6 de outubro ata o 12 de novembro. Baixo ningún criterio se inscribirá a ningún corredor/a fóra deste prazo. As inscricións realizaranse a través da páxina web [www.deportesourense.com] facendo constar todos os datos requiridos no procedemento de inscrición.

O prazo de inscrición para optar á **recollida anticipada** de dorsal, chip e camiseta é ata o 4 de novembro de 2017.

3. A **cuota de inscrición** será de 5€ desde 6 outubro ao 31 de outubro e de 7€ desde o 1 ao 12 de novembro. Unha vez realizada a inscrición non se devolverá o seu importe.

4. A **corrección de erros** poderase facer durante o período de inscrición a través da páxina web e, despois de pechar o prazo de inscrición, o sábado previo á carreira na entrega e comprobación de chip, entre as 9h e as 20h.

A Organización non se fai responsable das consecuencias que deriven dunha inscrición defectuosa e/ou errónea por parte do corredor ou en quen delegue.

O feito de inscribirse nesta carreira supón unha declaración responsable por parte do atleta dos datos que aporta, aínda que, se obtén un premio, deberá presentar a documentación acreditativa pertinente nun prazo máximo de 10 días.

5. É imprescindible estar inscrito para ter cobertura dos seguros de RC e de accidentes. A Organización contará con servizos médicos a disposición dos corredores, non obstante, recoméndalles ós participantes someterse a un recoñecemento médico previo coa fin de minimizar os riscos que entraña a realización de actividade física.

A Organización contará cun local debidamente sinalizado, atendido por unha persoa responsable nomeada pola Federación Galega de Atletismo, para facilitar os partes de accidentes aos interesados, formalizar a súa presentación e resolver as posibles incidencias dos accidentados.

6. A **recollida de chips** (agás os que teñen chip en propiedade), dorsais e camisetas é o venres día 17 de novembro de 16:30h a 20h e o sábado día 18 de novembro de



10:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas no Recinto Ferial de Expourense, onde se celebra Sportur (Salón do Deporte e Turismo Activo).

Se a inscrición se realiza como grupo, a recollida de chips, dorsais e camisetas será do mesmo xeito, nunca de maneira individual.

A **recollida anticipada** de chips (para os inscritos ata o 4 de novembro de 2017) será os días 16, 17 e 18 de novembro de 2017 nos puntos acordados.

7.O chip deberá ser colocado nos cordóns das zapatillas ou no ortello antes de dar a saída e o dorsal no peito de maneira visible. Os corredores que non leven o chip e/ou o dorsal ben colocado non entrarán nas clasificacións.

É obrigatorio levar o **chip na zapatilla ou no ortello** e o **dorsal no peito** durante toda a proba.

8.O control das inscricións, dorsais, chips, resultados e secretaría será realizado por procedementos automatizados. Gravarase a chegada para solventar calquera reclamación.

9.A saída da Carreira Absoluta darase na Ponte do Milenio ás 11.00 horas. A liña de meta estará situada no Pavillón dos Remedios.

10.O percorrido de 10.000 metros, homologado pola Real Federación Española de Atletismo, estará sinalizado cada quilómetro e discorrerá polas seguintes rúas da cidade: Saída da Ponte do Milenio, Avda. Xesús Pousa, Praza da Estación, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Tras Alameda, Dr. Fleming, Ervedelo, Avda. de Portugal, Avda. de Marcelo Macías, Avda. de Zamora, Bonhome, Galicia, Fernández-Oxea, Lugo, Padre Feijoo, Colón, Moratín, Obispo Carrascosa, Praza Maior, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Avda. da Habana, Cardenal Quevedo, Avda. Rodríguez Castelao, Avda. Otero Pedrayo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Avda. de Marín, Vicente Risco, Francisca Herrera, Avda. De Santiago, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela.

11.Ao longo do percorrido, a Organización establecerá controis. O peche dos controis queda previsto do seguinte xeito: o primeiro control pecha aos 5 minutos da saída, o segundo control pecha ás 11:45h, o terceiro control pecha ás 12:10h e o control de chegada pecha unha hora despois de que entre o primeiro corredor clasificado.

12.Os avituallamentos estarán situados no Km 5 e á chegada no Pavillón Municipal dos Remedios.

13.Estableceranse varios caixóns, sinalizados por cores, en función da marca rexistrada no San Martiño anterior:

- Caixón **negro**: para os/as atletas que teñan unha marca inferior a 35 minutos (homes) e 40 minutos (mulleres) na carreira do SM2016.
- Caixón **vermello**: para os/as atletas que teñan unha marca entre 35 e 40 minutos (homes) e entre 40 e 45 minutos (mulleres) na carreira do SM2016.



- Caixón **amarelo**: para os/as atletas que teñan unha marca entre 40 e 48 minutos (homes) e entre 45 e 55 minutos (mulleres) na carreira do SM2016.
- Caixón **verde**: Popular.

Os participantes deberán situarse no caixón correspondente 15 minutos antes do comezo da proba, atendendo en todo momento ás indicacións da Organización.

En caso de que o corredor non participara na pasada edición do San Martiño, deberá aportar a súa mellor marca en 10 km.

14. Só poderán permanecer no percorrido os vehículos de axuda que a Organización estime oportuno, prohibíndose explicitamente o uso de bicicletas, patíns, carriños de bebé e/ou similares para evitar accidentes.

15. A Organización disporá dun servizo de gardarroupa pero non se responsabiliza dos efectos depositados no interior das bolsas.

16. Establécense categorías para mulleres e homes con clasificacións diferenciadas. As categorías corresponden aos nados nos anos indicados:

Júnior/Sub'20: 1999 e 2000
Promesa/Sub'23: 1996, 1997, 1998
Sénior 1995 ata veteranos
Veteran@s/Máster: A M-35 W-35
Veteran@s/Máster: B M-40 W-40
Veteran@s/Máster: C M-45 W-45
Veteran@s/Máster: D M-50 W-50
Veteran@s/Máster: E M-55 W-55
Veteran@s/Máster: F M-60 W-60
Veteran@s/Máster: G M-65 e posteriores W-65 e posteriores

17. Premios: Trofeos para os/as tres primeiros/as clasificados/as “absolutos” e “locais”; trofeo ó/á primeiro/a clasificado/a de cada categoría e camisetas para todos os/as participantes ata esgotar existencias.

| Clasificación “absoluta” | Clasificación “locais” |
|----------------------------|--------------------------|
| 1º posto: trofeo e 1.000 € | 1º posto: trofeo e 200 € |
| 2º posto: trofeo e 700 € | 2º posto: trofeo e 150 € |
| 3º posto: trofeo e 500 € | 3º posto: trofeo e 100 € |
| 4º posto: 300 € | |
| 5º posto: 200 € | |

Para optar ao premio de “locais”, o atleta con nacionalidade española, será nado ou empadroado no Concello de Ourense.



Premios especiais:

-500€ polo récord da proba, tanto na categoría masculina como feminina (Homes: 28'49" ano 2010, Mulleres: 32'45" ano 2010).

-Premio especial Caixabank: 300€ polo primeiro posto ao cruzar o control do 5km, tanto na categoría masculina como feminina. É imprescindible rematar a carreira e clasificarse para optar a este premio.

Os premios non son acumulables, agás os premios especiais, e aplicaráselles a normativa vixente do IRPF.

18.A entrega de trofeos terá lugar ás 13 horas no entorno do Pavillón dos Remedios e a entrega dos premios económicos nas oficinas do mesmo lugar, previa xustificación dos datos aportados na inscrición, presentando a documentación acreditativa que proceda (DNI, pasaporte, certificado de empadramento... etc). É de obrigado cumprimento a asistencia á Cerimonia de Premiacións para percibir os trofeos e os premios económicos.

19.Serán motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non pasar por todos os controis, non levar dorsal visible por diante ou manipulalo, non levar o chip nos cordóns da zapatilla ou no ortello, falsificar datos persoais e a suplantación de identidade.

20.O feito de participar nesta carreira implica a aceptación deste regulamento e autoriza á Organización para poder facer uso das imaxes do evento.

- ⑩ A participación de atletas estranxeiros e doutras federacións autonómicas, rexerese polas normas recollidas na **CIRCULAR 145/2017**:

“Reglamento de Competiciones de Campo a Través, Ruta, Marcha, Trail y Reuniones de Pista Cubierta y Aire Libre 2017-2018”

<http://www.rfea.es/sirfea/ficheros/comunicados/documentos/201768124315.pdf>

Aqueles atletas que sabendo da súa imposibilidade para participar nesta proba, proporcionen datos falsos para poder facelo, serán descalificados.

A Organización, de acordo coa normativa RFEA e previo informe da FGA, rechazará a inscrición dos corredores federados doutras federacións autonómicas que excedan os límites fixados pola RFEA para competicións de ámbito autonómico.

21.Esta proba estará controlada polo Comité Galego de Xuíces e Cronometradores da FGA (Delegación de Ourense) e por procedementos automatizados contratados pola Organización.

22.As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro non máis tarde de 30 minutos despois de publicarse oficialmente os resultados.



23. Todo o non disposto neste regulamento rexeráse polas Normas de Competición da FGA para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

24. Este regulamento poderá ser actualizado se hai normas federativas que así o aconsellen.

25. A aceptación de este regulamento supón a aceptación do tratamento e difusión das imaxes que se poidan tomar durante a realización do evento por parte da Organización.

REGULAMENTO DA CARREIRA ESCOLAR- 4,7 KM

1.- Esta carreira pedestre está reservada para todos os nenos/as nados entre os anos 2008 e 2001 que participen de forma individual e/ou a través dos centros escolares, tanto públicos coma privados.

2.- Os adultos non poderán participar nin acompañar ós participantes na saída nin na meta e non poderán acceder ás zonas de avituallamento nin entrarán na clasificación.

3.- A inscrición será gratuita e farase preferentemente a través dos colexios en [www.deportesourense.com]. De xeito individual, os corredores tamén se inscribirán na mesma páxina.

O prazo de **inscrición para colexios** é desde o 6 de outubro ata o 4 de novembro de 2017 e de xeito individual poderanse inscribir ata o 12 de novembro de 2017.

4.- Esta proba dará comezo ás 12.30 horas, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 4.700m, e discorrerá polas seguintes rúas: Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella, Progreso, Av. de Pontevedra, Lamas Carvajal, Paseo, Curros Enríquez, Ponte Nova, Ribeira de Canedo, Ponte Vella e Pardo de Cela.

5.- Os avituallamentos estarán situados na Av. de Pontevedra e á chegada no Pavillón Municipal dos Remedios.

6.- Establécense as mesmas categorías para homes e mulleres, son as seguintes:

Alevín: Nados en 2007 e 2008

Infantil/Sub'14: Nados en 2005 e 2006

Cadete/Sub'16: Nados en 2003 e 2004

Xuvenil/Sub'18: Nados en 2001 e 2002

7.- Estableceranse clasificacións individuais e por colexios



- Clasificación individual:

Trofeo aos tres primeiros atletas de cada categoría, tanto masculina como feminina.

- Clasificación por colexios:

Premio de 120 € en material deportivo para todos os colexios que alcancen un mínimo de 25 deportistas clasificados.

Ademáis, os 6 primeiros colexios clasificados de Primaria e os 6 primeiros colexios clasificados de Secundaria e Bacharelato recibirán premios en material deportivo: 1º 300€, 2º 250€, 3º 200€, 4º 150€, 5º 120€ e 6º 10€.

- Camisetas para todos os participantes ata esgotar existencias.

8.- O delegado do colexio, necesariamente un adulto, será o encargado de entregar os dorsais/chips aos alumnos que se inscribiran a través do centro educativo e puntuarán na Clasificación por Colexios. Aqueles que o fixeran de xeito individual recollerán dorsal/chip o venres día 17 de novembro de 16:30h a 20h e o sábado día 18 de novembro de 10:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas no Recinto Ferial de Expourense, onde se celebra Sportur (Salón do Deporte e Turismo Activo).

9.- A proba pedestre para escolares, salvo o non especificado neste regulamento, rexerese polo Regulamento Xeral da XLI Carreira Pedestre Popular do San Martiño.



REGULAMENTO DA CARREIRA DE CATIVOS – 1,4KM

1.- Esta carreira **está reservada** para todos os nenos/as nados nos anos 2009 e posteriores, podendo ir acompañados dun adulto responsable que a ningún efecto se considerará participante.

2- Esta proba dará comezo ás 13,15h horas, con saída na Ponte do Milenio e meta na rúa Pardo de Cela. O percorrido será de 1.400m, e discorrerá polas seguintes rúas: Ponte do Milenio, Basilio Álvarez, Avda. das Caldas, Ponte Vella e Pardo de Cela.

3.- A inscrición será gratuita e farase preferentemente a través dos colexios en [www.deportesourense.com]. De xeito individual, inscribíranse tamén a través de [www.deportesourense.com].

O prazo de **inscrición para colexios** é desde o 6 de outubro ata o 4 de novembro de 2017 e de xeito individual poderanse inscribir ata o 12 de novembro de 2017.

O delegado do colexio, necesariamente un adulto, será o encargado de entregar os dorsais/chips aos alumnos que se inscribían a través do centro educativo e puntuarán na Clasificación por Colexios. Aqueles que o fixeran de xeito individual recollerán dorsal/chip o venres día 17 de novembro de 16:30h a 20h e o sábado día 18 de novembro de 10:30 a 14:00 horas e de 16:30 a 20:00 horas no Recinto Ferial de Expourense, onde se celebra Sportur (Salón do Deporte e Turismo Activo).

4.- Todos os participantes que crucen a liña de meta recibirán un agasallo conmemorativo do evento, ata esgotar existencias.

5.- A Carreira de Cativos, salvo no especificado neste apartado, rexeráse polo Regulamento Xeral da XLI Carreira Pedestre Popular do San Martiño.

Centro de Información da proba:

Concello Municipal de Deportes
Oficinas do Pavillón dos Remedios
C/ Pardo de Cela número 2, 32003 Ourense

Teléfono: 988 370 539

info@deportesourense.com

www.deportesourense.com

200 €

150 €

*Para optar ao premio **Locais**, o atleta será nado ou empadroado no Concello de Ourense.

PERCORRIDOS SAN MARTIÑO



Escolar

Cativos

Absoluta

META

SAIDA

Camisetas para todos/as

os participantes que crucen a liña de meta ata esgotar as existencias.

PRAZA MAIOR

AVDA. PONTEVEDRA
Avituallamento escolar

Avituallamento KM5

OTERO PEDRAYO

AVDA. CASTELO

CARDINAL QUEVEDO

CURROS ENRIQUEZ

PONTE NOVA

EL ESCO RISCO

RIBERA DE CARIBO

SANTO SALVADOR

AVDA. DAS CALDAS

BASILIO ALVAREZ

XESÚS POUSA

PONTE VELLA

PROGRESO

ERVEDELO

DOCTOR FLEMING

AVDA. PORTUGAL

PASEO

LAMAS CARVAJAL

COLÓN

AVDA. ZAMORA

BONHOME

MARCELO MACIAS

TRAS ALAMEDA